

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE VENTILACIÓN EN FÁBRICA DE LOUSA

O 28 de outubro de 2013 aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Asociación Clúster da Pizarra de Galicia (en diante a A.C.P.G.), a través do procedemento negociado con publicidade, da implantación dun sistema de ventilación en fábrica de lousa.

O día 29 de outubro de 2013 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante da páxina web da A.C.P.G. Coa mesma data publicáronse no perfil do contratante os pregos de condicións e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes de participación de ofertas (o 4 de novembro de 2013, ás 14:00 horas, tal e como se sinalaba no anuncio de licitación), recibíuse unicamente no Rexistro da A.C.P.G. a seguinte solicitude de participación:

- Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L., titular do CIF B-36.579.480.

Na mesma data de 4 de novembro procedeuse á apertura do Sobre de "Solicitude de participación e documentación xeral" do licitador, para a cualificación da documentación xeral contida no mesmo, observándose defectos subsanables na documentación presentada, razón pola que foi requirido o día 5 de novembro para a súa emenda no prazo máximo de tres (3) días hábiles.

O día 7 de novembro recibíuse no Rexistro da A.C.P.G. a documentación requirida, quedando emendados en tempo e forma os defectos detectados e comunicados.

Desta maneira, acordouse admitir á empresa Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L. ao proceso de licitación e cursóuselle invitación á empresa seleccionada para que presentase a súa proposta na forma establecida nos pregos de contratación.

En data 15 de novembro de 2013 procedeuse á apertura do sobre que contén a "*Proposta cualitativa e cuantitativa*". En primeiro lugar examínase a documentación relativa aos criterios cualitativos (NON cuantificables de forma automática ou mediante fórmulas matemáticas), contendo a oferta presentada todos os documentos esixidos nos pregos. Unha vez analizada a oferta cualitativa procedeuse á análise da oferta cuantitativa, da que resultou a seguinte proposta:

- Base Impoñible: trescentos seis mil cento setenta e oito euros (306.178 €).
- I.V.E.: sesenta e catro mil douscentos noventa e sete euros con trinta e oito céntimos (64.297,38 €).
- Total: trescentos setenta mil catrocentos setenta e cinco euros con trinta e oito céntimos (370.475,38 €).